


Unidade 3: Control de almacén de equipos e material de oficina

Na seguinte imaxe móstranse os equipos e materiais máis empregados e habituais nunha oficina:



As existencias

As existencias, ou stocks, son o conxunto de materiais ou artigos que se almacenan tanto para a venda como para atender o proceso produtivo da empresa.

Clases de existencias	
Mercadorías	Bens adquiridos pola empresa e destinados á venda sen transformación.
Materias primas	As que, mediante elaboración ou transformación, destínanse a formar parte dos produtos.
Elementos e conxuntos incorporables	Os fabricados normalmente fora da empresa e adquiridos por esta para incorporalos á produción sen transformar.
Repuestos	Pezas destinada a instalacións, equipos ou máquinas en substitución de outras parecidas.
Materiais diversos	Outras materias de consumo que non se incorporarán ó produto fabricado.
Combustibles	Materias enerxéticas susceptibles de almacenamento.
Embalaxes	Cubertas ou envolturas principalmente destinadas a protexer produtos ou mercancías.
Envases	Recipientes ou vasixas principalmente destinados á venda xunto co produto que conteñen.
Material de oficina	É o destinado á finalidade que indica a súa denominación.
Produtos en curso	Bens ou servizos que se encontran na fase de transformación ou formación ó peche do exercicio.
Produtos semiterminados	Os fabricados pola empresa e non destinados normalmente á súa venda ata que sexan obxecto de elaboración, transformación ou incorporación posterior.
Produtos terminados	Os fabricados pola empresa e destinados ó consumo final ou ó seu emprego por outras empresas.
Subprodutos	Os de carácter secundario ou accesorio da fabricación principal.
Residuos	Os que se obteñen de forma inevitable ó mesmo tempo que os produtos ou subprodutos, sempre que teñan valor intrínseco e que poidan ser empregados ou vendidos.
Materiais recuperables	Os que, por ter valor intrínseco, entran de novo no almacén despois de ser empregados no proceso produtivo.

Peché do exercicio: Proceso mediante o cal unha empresa finaliza a contabilidade dun periodo, normalmente un ano.

Valor intrínseco: Que ten valor real para a empresa.

Exercicio 1: Busca un exemplo de cada unha das clases de existencias.

Mercadorías:

Materias primas:

Elementos e conxuntos incorporables:

Repostos:

Materiais diversos:

Combustibles:

Embalaxes:

Envases:

Materiais de oficina:

Produtos en curso:

Produtos semiterminados:

Produtos terminados:

Subprodutos:

Residuos:

Materiais recuperables:

As existencias segundo a actividade da empresa:

Empresas comerciais	Adquiren produtos para revendelos posteriormente sen transformar. Nestas empresas, as existencias denomínanse mercadorías.
Empresas industriais	Adquiren materias primas e outros produtos para transformalos no proceso produtivo e obter produtos terminados que venderán no mercado; tamén teñen existencias de produtos en curso, subprodutos, residuos...
Empresas de prestación de servizos	Prestan servizo que se ofrecen para satisfacer as necesidades dos clientes. Neste tipo de empresas podemos atopar material de oficina.

Envases e embalaxes:

Normalmente considérase o envase como a unidade de venda, e o embalaxe como a unidade de transporte.

O envase serve para protexer o produto en si, pero tamén para informar a través do etiquetado (do seu uso, normativa, características, etc.)

Existen diferentes tipos de envases, tendo en conta os produtos, como envases dun so uso, reutilizable, de cartón, de plástico, vidro, metal, reciclable...

O envase confire ou da unha imaxe ó produto e pode formar parte do marketing.


Envase primario: É o que contén o produto, o que o protexe e o sostén. Está en contacto directo co produto. Exemplo: o bote do xarabe.



Envase secundario: Normalmente protexe ó envase primario e informan do produto a través do etiquetado. Por exemplo a caixa que contén o bote de xarabe.



Embalaxe: É aquel que protexe a un ou varios envases, para o seu transporte ou almacenamento. Poden ser caixas de cartón, palets, film de plástico, cintas...



Exercicio 2: Indica como se poderían aplicar as “TRES ERRES” (concepto para a sustentabilidade ambiental) nunha empresa ou na túa casa.

Reducir	
Reutilizar	
Reciclar	

ECOEMBES: Ecoembalajes España S.A. É unha sociedade sen ánimo de lucro que ten por obxectivo a creación e organización de sistemas que permitan a recollida selectiva e a recuperación de residuos de envases e embalaxes para o seu posterior tratamento. As empresas adheridas a Ecoembes S.A. identifican os seus envases cun punto verde, propiedade da sociedade para todo o territorio nacional.




Procedementos administrativos para a xestión de existencias


O aprovisionamento comprende tres importantes funcións da xestión dunha empresa: as compras, almacenamento e xestión de stocks. Estas son todas as actividades habituais para a xestión de mercancías ou stocks.

O ciclo do aprovisionamento vai a variar si se trata de empresas industriais ou empresas comerciais.

Nunha empresa industrial o ciclo de aprovisionamento é o seguinte:



Nunha empresa comercial o ciclo de aprovisionamento é o seguinte:



Exercicio 3: Das actividades correspondentes á función de aprovisionamento (compras, almacenamento e stock), indica a cal delas corresponde cada unha das seguintes:

- a) Determinar a cantidade óptima a pedir para a renovación de stocks.
- b) Determinar a periodicidade para realizar os pedidos.
- c) Recibir a mercancía.
- d) Dispensar cuidados para evitar deterioros.
- e) Xestionar as saídas de mercancía do almacén.
- f) Colocar as mercancía no almacén.
- g) Realizar os pedidos.
- h) Efectuar as reclamacións, devolucións ou anulacións de pedidos.
- i) Seleccionar o proveedor máis adecuado.